

# **PLAN DE IGUALDADE**

CEIP Plurilingüe de Abanqueiro

# ÍNDICE

<u>ÍNDICE</u> .....	2
<u>Introducción</u> .....	3
<u>Análise e diagnóstico</u> .....	4
<u>Xustificación</u> .....	5
<u>Marco Lexislativo</u> .....	6
<u>Obxectivos</u> .....	7
<u>Indicadores de logro</u> .....	8
<u>Contidos</u> .....	9
<u>Accións coeducativas</u> .....	10
<u>Recursos e metodoloxía</u> .....	11
<u>Temporalización</u> .....	12
<u>Avaliación</u> .....	13
<u>Glosario e/ou anexos</u> .....	14

# Introdución

A nosa escola é un lugar de convivencia que debe servir de marco axeitado para crear un ambiente favorecedor dos procesos de ensino-aprendizaxe.

Xunto con todos os membros da comunidade educativa, os mestres debemos, queremos (e de seguro que poderemos) conseguir que o alumnado constrúa a súa personalidade, desenvolva ao máximo as súas capacidades e conforme a súa propia identidade persoal; para o que é imprescindible a transmisión de valores que favorezan: a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto, a xustiza... así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación.

Polo tanto, o obxectivo principal e o compromiso do CEIP Plurlingüe de Abanqueiro é preparar ao alumnado unha participación activa na vida económica, social e cultural... e igual, cunha actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación aos cambios da sociedade. Para o que debemos empregar como medio: un clima agradable de aprendizaxe, boas relacións persoais, mellores resultados académicos e, en conxunto, todo aquilo que nos axude a potenciar ao máximo as capacidades e competencias do noso alumnado e a satisfacción de toda a comunidade educativa.

A día de hoxe, o noso centro está conformado por:

(Datos a xuño de 2020)

<b>Claustro - Persoal Docente</b>	
<b>Mestres</b>	3
<b>Mestras</b>	12

<b>PAS</b>	
<b>Traballadores</b>	0
<b>Traballadoras</b>	2

<b>Alumnado</b>	
<b>4º de Infantil</b>	H 4
	M 10
<b>5º de Infantil</b>	H 7
	M 4
<b>6º de Infantil</b>	H 8

	M 7
<b>1º de Primaria</b>	H 4
	M 3
<b>2º de Primaria</b>	H 6
	M 4
<b>3º de Primaria</b>	H 2
	M 5
<b>4º de Primaria</b>	H 10
	M 4
<b>5º de Primaria</b>	H 4
	M 2
<b>6º de Primaria</b>	H 9
	M 7

Ademais, cabe sinalar que en cargos directivos e de coordinación do centro tamén hai máis mulleres (4) que homes (2).

# Análise e diagnóstico

O primeiro paso para poder plantexar uns obxectivos e unhas medidas de actuación, é analizar a situación do contexto no que se van implementar. Así, empregaremos estes instrumentos de análise:

- Sociogramas nas aulas: valórase o grao de inclusión do alumnado e o grao de vulnerabilidade (de ser necesario).
- Cuestionarios sobre estereotipos de xénero.
- Preguntas sobre as preferencias laborais e razóns.
- Análise de imaxes/curtas relacionadas coa violencia de xénero nas titorías (o mestre recollerá datos sobre os comentarios do alumnado)
- Observación e recollida de datos por parte dos mestres no tempo de lecer do alumnado (comentarios, xogos, actitudes nos xogos...)
- Análise da linguaxe empregada polo profesorado e nos documentos do centro. No marco do
- claustro, analizaremos os datos obtidos e extraeremos conclusións que nos servirán como
- punto de partida, de cara ao seguinte curso, para concretar obxectivos e medidas de actuación.

En principio obsérvase un peno reflexo da sociedade (aínda quen on de igual xeito) coa conseguinte carga de pensamento machista en moitos dos nenos e das propias nenas. Polo que feito este diagnóstico establécense os seguintes puntos.

# Marco Lexislativo

## Ámbito estatal

- Constitución (artigos 9.2 e 14)
- Real Decreto 1686 /2000 do 6 de outubro
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei 3/2007, do 15 de marzo
- Lei orgánica 3/2007 do 22 de marzo. Título IV (artigos 23 e 24)

## Ámbito autonómico

- Estatuto de Autonomía de Galicia (1981). Artigo 4.1
- Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de homes e mulleres.
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para prevención e tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia (2014)
- Decreto 8/2015 de 8 de xaneiro: Convivencia e participación da comunidade educativa
- Decreto lexislativo 2/2015 de 12 de febreiro. Capítulo IV: A educación e a formación para a igualdade entre homes e mulleres
- Decreto 86/2015 do 25 de xuño: Currículo educación secundaria e bacharelato
- Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero (abril 2016)

# Obxectivos

Os obxectivos deste plan vertebranse en catro eixos que son:

Eixo 1: Promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres

1. Coñecer diferencias entre homes e mulleres
2. Reflexionar sobre as desigualdades existentes

Eixo 2: Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero

1. Visibilizar a realidade sobre a violencia de xénero
2. Promover habilidades sociais nas que a empatía, a comunicación efectiva e o traballo en
3. equipo sexan eixos de socialización adecuada e positiva.
4. Favorecer canais de comunicación entre o alumnado, entre alumnado e profesorado e co
5. departamento de orientación.

Eixo 3: Promoción do respecto pola diversidade afectivo - sexual

1. Coñecer, adaptado a cada idade, a realidade afectivo – sexual
2. Recoñecer a diversidade afectivo-sexual como un dereito de elección libre e respectable.

Eixo 4: Prevención, detección e intervención en casos de LGTBIfobia. Na actualidade, non temos coñecemento de ningún caso no noso centro. De darse a situación:

1. Favorecer o respecto pola diversidade
2. Establecer redes de axuda entre o alumnado.

# Indicadores de logro e Temporalización

Obxectivo	Medida	Indicador de logro	Tem.
Eixo 1	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. O alumnado, coñece as diferenzas entre homes e mulleres e respecta as diferenzas a todos os niveis tratados nas diferentes áreas ou materias educativas.</li> <li>2. Reflexionamos sobre as desigualdades existentes entre ambos sexos.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>3. Elabóranse diferentes materiais para o traballo destas materias con axuda dos diferentes membros da comunidade educativa.</li> <li>4. Elabórase material para expoñer no centro, co axuda de todo o alumnado, das diferencias presentes entre ambos xéneros.</li> </ol>	Ao longo do curso
Eixo 2	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. O alumnado transmite habilidades de empatía e boas formas de comunicarse a través de role playing.</li> <li>2. Participa en proxectos establecidos desde o centro para erradicar a violencia de xénero e facernos adultos críticos e concienciados en contra de calquera tipo de violencia.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>3. Participamos en proxectos que desde o Concello ou Concellos limítrofes transmitan os valores perseguidos desde o centro para erradicar calquera tipo de violencia.</li> <li>4. Realizamos actividades relacionadas co desenvolvemento das habilidades sociais recollidas no noso PAT.</li> <li>5. Continuamos co proxecto equaliter proposto desde o noso centro para o traballo conxunto en toda a nosa Comunidade Autónoma.</li> </ol>	Ao longo do curso
Eixo 3	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Coñecer os diferentes tipos de familias que existen e máis concretamente na nosa comunidade educativa.</li> <li>2. Recoñecer a</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>3. Celébrase o día da familia como parte da nosa educación afectiva e efectiva.</li> <li>4. Traballamos os diferentes sentimentos e emocións que podemos sentir cara as persoas e coñecemos os distintos tipos de relacións</li> </ol>	Ao longo do curso



	diversidade afectivo-sexual como algo natural enlazado as diferenzas individuais.	que poden existir entre elas.	
Eixo 4	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Respecto pola diversidade.</li> <li>2. Crear alumnos/as mediadores.</li> </ol>		Ao longo do curso

# Accións coeducativas

- Organización do centro:
  - Designación dunha persoa responsable en materia de igualdade dentro do Consello Escolar.
  - Difusión de actividades formativas entre o profesorado nesta materia por parte da orientador.
  - Solicitud do Plan Director en relación a esta materia, tanto para familias como para profesorado e alumnado.
- Celebración das datas marcadas por calendario escolar favorecedoras de conseguir os obxectivos marcados en este Plan:
  - 25 de novembro. A idea do mesmo é que nenas e nenos de idades comprendidas entre 3 e 12 digan non a este tipo de violencia e sexan capaces de diferenciar que é o que se pode e non se pode permitir nunha relación afectiva. Intentamos achegar a súa realidade ao centro de modo que cada unha/un poda analizar diferentes aspectos e axudemos a un pensamento crítico.
  - 24 de febreiro: coincidindo co “Día de Rosalía”. Da man de Rosalía coñeceremos diferentes mulleres das nosas letras que aportaron coa súa literatura riqueza cultural a nosa Comunidade e ao noso País ou países veciños
  - 8 de marzo: Invitación ao centro a diferentes mulleres da nosa contorna que realizan traballos considerados polo noso alumnado como do xénero masculino.
  - Visibilización da muller na nosa historia: cada trimestre daremos visibilidade a mulleres pasadas e presentes que deron cabida a moitos avances, en todos os eidos, que marcaron e marcarán a historia.
  - 15 de maio: coincidindo co “Día da Familia” celebraremos este como o conxunto de persoas que forman o noso fogar. Darémoslle importancia a todos os membros por igual e estudaremos os diferentes tipos que existen, máis concretamente na nosa comunidade.
- Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes:
  - Analizar os materiais curriculares desde esta perspectiva, cambiando aqueles que se consideren inadecuados.
  - Introducir materiais coeducativos de elaboración propia ou que nos poda aportar algunha asociación ou a propia Consellería e Concello en relación aos ámbitos aquí recollidos.
  - Cartelería coeducativa (rompedora cos estereotipos de xénero) polos corredores do centro.
  - Analizar a linguaxe do profesorado, ampliando nos vindeiros cursos ao resto da comunidade educativa.
  - Analizar a linguaxe empregada nos diferentes documentos do centro. c. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.
  - Estudo e contraposición daqueles traballos considerados desde tempos pasados ata os nosos días como de homes e mulleres e como mudou este concepto ata chegar aos nosos días.
- Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.
  - A través da área de Educación física traballaremos estes valores asociados

ao deporte.

- Nas áreas instrumentais estarán presentes aqueles referidos ás habilidades sociais principalmente.

# Avaliación

- Mensualmente nas reunións da CCP analizaranse as actividades realizadas así como as posibles suxerencias que poidan xurdir a raíz de situacións que aparezan no centro ou presentación de actividades por parte de asociacións sen ánimo de lucro, concello ou outras.
- De considerarse necesario entregaranse enquisas para a obtención de datos (ver anexos)

# Anexos

# ANEXO I. Sondaxe inicial alumnado

## ENQUISA ALUMNADO

### MOZA / MOZO

- ▶ *Que é o mellor de ser moza?* (contestar moza)
- ▶ *Que é o mellor de ser moza?* (contestar mozo)
  
- ▶ *E o peor?* (contestar moza)
- ▶ *E o peor?* (contestar mozo)
  
- ▶ *Que é o mellor de ser mozo?* (contestar moza)
- ▶ *Que é o mellor de ser mozo?* (contestar mozo)
  
- ▶ *E o peor?* (contestar moza)
- ▶ *E o peor?* (contestar mozo)
  
- ▶ *Na túa casa, quen fai un maior número de tarefas domésticas?*
  
- ▶ *Os celos son unha mostra de amor?* SI NON (contestar moza)
- ▶ *Os celos son unha mostra de amor?* SI NON (contestar mozo)
  
- ▶ *Estarías de acordo en usar o feminino como xenérico?*  
Exemplo: todas ao recreo (para alumnos e alumnas) (contestar moza)  
 SI     NON
- ▶ *Estarías de acordo en usar o feminino como xenérico?*  
Exemplo: todas ao recreo (para alumnos e alumnas) (contestar mozo)  
 SI     NON
  
- ▶ *Cres que se debería utilizar unha linguaxe que englobase a homes e mulleres?* (alumnado, profesoras e profesores...) (contestar moza)  
 SI     NON
- ▶ *Cres que se debería utilizar unha linguaxe que englobase a homes e mulleres?* (alumnado, profesoras e profesores...) (contestar mozo)  
 SI     NON
  
- ▶ *Usa o profesorado unha linguaxe non sexista?* (contestar moza)  
 SI     NON     ÁS VECES

- ▶ Usa o profesorado unha linguaxe non sexista? (contestar mozo)
  - SI       NON       ÁS VECES
  
- ▶ *Cres que hai xoguetes de nenos e xoguetes de nenas?* Pon un exemplo (contestar moza)
- ▶ *Cres que hai xoguetes de nenos e xoguetes de nenas?* Pon un exemplo (contestar mozo)
  
- ▶ *Cres que hai deportes de mulleres e deportes de homes?* Pon un exemplo (contestar moza)
- ▶ *Cres que hai deportes de mulleres e deportes de homes?* Pon un exemplo (contestar mozo)
  
- ▶ *Indica unha profesión que consideres propia de home e outra de muller?* (contestar moza)
- ▶ *Indica unha profesión que consideres propia de home e outra de muller?* (contestar mozo)
  
- ▶ *Como definirías o feminismo?* (contestar moza)
  - O contrario do machismo
  - Movemento que defende a igualdade entre homes e mulleres
- ▶ *Como definirías o feminismo?* (contestar mozo)
  - O contrario do machismo
  - Movemento que defende a igualdade entre homes e mulleres
  
- ▶ *Es feminista? Por que?* (contestar moza)
- ▶ *Es feminista? Por que?* (contestar mozo)
  
- ▶ *"Os homes gañan un 19,3% máis que as mulleres por realizar o mesmo traballo".*  
*Verdadeiro ou falso?* (contestar moza)
- ▶ *"Os homes gañan un 19,3% máis que as mulleres por realizar o mesmo traballo".*  
*Verdadeiro ou falso?* (contestar mozo)
  
- ▶ *A quen atribuirías as seguintes palabras: home, muller ou ambos? TENRURA, SEGURIDADE, BELEZA, VALENTÍA, AGRESIVIDADE, FRAXILIDADE* (contestar moza)
- ▶ *A quen atribuirías as seguintes palabras: home, muller ou ambos? TENRURA, SEGURIDADE, BELEZA, VALENTÍA, AGRESIVIDADE, FRAXILIDADE* (contestar mozo)
  
- ▶ *Estás de acordo coa frase "Os homes non choran"?*
  - SI       NON
 Por que? (contestar moza)

- ▶ Estás de acordo coa frase “Os homes non choran”?
- SI     NON
- Por que? (contestar mozo)
- ▶ *Que opinión che merecen os piropos por parte dalguén que non coñeces?* (contestar moza)
- Agrádanme
  - Desagrádanme
  - Resúltanme indiferentes
- ▶ *Que opinión che merecen os piropos por parte dalguén que non coñeces?* (contestar mozo)
- Agrádanme
  - Desagrádanme
  - Resúltanme indiferentes
- ▶ *Incide o profesorado na visibilización do traballo das mulleres nos distintos ámbitos?* (contestar moza)
- SI     NON     ÁS VECES     SEMPRE
- ▶ *Incide o profesorado na visibilización do traballo das mulleres nos distintos ámbitos?* (contestar mozo)
- SI     NON     ÁS VECES     SEMPRE
- ▶ *Se es moza. Gustaríache que a zona central do patio fose tamén ocupado por alumnas?*
- SI     NON     DÁME IGUAL
- ▶ *Se es mozo. Gustaríache que a zona central do patio fose tamén ocupado por alumnas?*
- ?  SI     NON     DÁME IGUAL
- ▶ *Consideras que é violencia machista? SI ou NON* (contestar moza)
- Cuestionar a valía e capacidade da parella
  - Enfadarse se non lle gusta como vai vestida ela
  - Dar golpes a obxectos cando se enfada
  - Pedir o móbil para saber con quen se comunica
  - Insultar
  - Pegar
  - Deixar algunha afección porque el o pide, como un sinal de amor
  - Instalar unha aplicación no móbil da parella para saber onde está en cada momento...



- ▶ Consideras que é violencia machista? SI ou NON (contestar mozo)
  - Cuestionar a valía e capacidade da parella
  - Enfadarse se non lle gusta como vai vestida ela
  - Dar golpes a obxectos cando se enfada
  - Pedir o móbil para saber con quen se comunica
  - Insultar
  - Pegar
  - Deixar algunha afección porque el o pide, como un sinal de amor
  - Instalar unha aplicación no móbil da parella para saber onde está en cada momento...
  
- ▶ *Algunha vez sufriches ou observaches un exemplo de discriminación. Queres dicir cal?* (contestar moza)
- ▶ *Algunha vez sufriches ou observaches un exemplo de discriminación. Queres dicir cal?* (contestar mozo)
  
- ▶ *Coñeces casos onde a orientación sexual sexa obxecto de burla e/ou insulto?* (contestar moza)
  - SI     NON
- ▶ *Coñeces casos onde a orientación sexual sexa obxecto de burla e/ou insulto?* (contestar mozo)
  - SI     NON
  
- ▶ *Que farías no caso de presenciar algún tipo de discriminación?* (contestar moza)
  - Intervirías
  - Buscarías axuda (profesorado, alumnado mediador...)
  - Non faría nada porque non é o meu problema
- ▶ *Que farías no caso de presenciar algún tipo de discriminación?* (contestar mozo)
  - Intervirías
  - Buscarías axuda (profesorado, alumnado mediador...)
  - Non faría nada porque non é o meu problema

## ANEXO II. Enquisa final alumnado

- ▶ *Valoración das actividades relacionadas coa Igualdade que realizaches ou ás que asistiches (1 ao 5): SE ES MOZA*
- ▶ *Valoración das actividades relacionadas coa Igualdade que realizaches ou ás que asistiches (1 ao 5): SE ES MOZO*
  
- ▶ *Consideras que os celos son unha mostra de amor?  SI  NON (MOZA)*
- ▶ *Consideras que os celos son unha mostra de amor?  SI  NON (MOZO)*
  
- ▶ *Usas máis agora unha linguaxe non sexista?  SI  NON (MOZA)*
- ▶ *Usas máis agora unha linguaxe non sexista?  SI  NON (MOZO)*
  
- ▶ *Es feminista?  SI  NON (MOZA)*
- ▶ *Es feminista?  SI  NON (MOZO)*
  
- ▶ *Consideras violencia machista que unha persoa descoñecida diga algo sobre o teu corpo?  SI  NON (MOZA)*
- ▶ *Consideras violencia machista que unha persoa descoñecida diga algo sobre o teu corpo?  SI  NON (MOZO)*
  
- ▶ *Consideras violencia machista deixar unha afección porque el cho pide?  SI  NON (MOZA)*
- ▶ *Consideras violencia machista deixar unha afección porque el cho pide?  SI  NON (MOZO)*